

AVALIACIÓN FINAL EXTERNA
PARA O PROXECTO DE
EDUCACIÓN PARA O
DESENVOLVEMENTO E A
CIDADANÍA GLOBAL:

ESCOLAS SEN RACISMO,


ESCOLAS PARA A PAZ E O
DESENVOLVEMENTO

Servizo externo a petición de:
ACPP

Decembro 2024

*aopaso é...
formación e acompañamento
con mirada local-global*





**Avaliación final externa para o proxecto
de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global
“Escolas sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento”.**

Editado por **aopaso**. Decembro 2024

raquel@aopaso.gal

www.aopaso.gal

Coordinación e elaboración de contidos:

Raquel Doallo Álvarez


Deseño e maquetación: **aopaso**



Atribución-Non Comercial-Compartir Igual 4.0. Este documento está baixo unha licenza de Creative Commons. Permítese libremente copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra sempre e cando se recoñeza a autoría e non se use para fins


comerciais. Se se altera ou transforma, ou se xera unha obra derivada, soamente poderá distribuírse baixo unha licenza idéntica a esta. Licenza completa:

[Creative Commons — Attribution-NonCommercial-ShareAlike 4.0 International — CC BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)




*A educación que permea
É aquela que desfrutamos
Por iso toca coidar
A mirada do botrato.*

*Copla para regueifar.
Raquel “a Doallo”.*



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. RESUMO EXECUTIVO DO PROXECTO.....	3
3. OBXECTIVOS E ALCANCE DA AVALIACIÓN.....	5
4. METODOLOXÍA E CRONOGRAMA.....	7
4.1. Cronograma.....	8
5. ANÁLISE DE INFORMACIÓN.....	9
5.1. Encontro con educadoras.....	9
5.2. Afondando nas propostas do encontro de educadoras.....	12
6. CONCLUSIÓN.....	17
7. RECOMENDACIÓN.....	19
ANEXOS.....	21




1. INTRODUCCIÓN.

O presente informe de avaliación final externa do proxecto **Escolas sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento** na súa edición 2023-2024 (en adiante, ESR), redáctase como consecuencia dun proceso en 2 etapas de recollida de información, sintetizadas neste documento para extraer unha mirada globalizada e plural dos aspectos analizados na mencionada avaliación.

Esta asistencia técnica foi realizada para ACPP Galicia desde *aopaso* por Raquel Doallo Álvarez como consultora responsable. O estudo recolle esencialmente a mirada das educadoras conectadas á intervención, combinando distintos momentos e formatos de encontros con estas, entendendo como persoal educador ás profesionais dos centros educativos de ESR, o persoal externo (“asistencias técnicas”) e o propio persoal técnico de ACPP. A avaliación incorpora de xeito parcial e só de xeito cuantitativo a mirada do alumnado, en tanto que se realizou un exercicio de recollida de información a través do Test de Tolerancia pero este non ofrece resultados relevantes para o estudo; de feito, desde ACPP propónse deixar de utilizar dita ferramenta en edicións vindeiras do proxecto, detectándose tamén desde *aopaso* que cómpre explorar novas fórmulas, máis cualitativas, para afondar nas aprendizaxes, reflexións e propostas da mocidade cara ao futuro do proxecto ESR.

Desde a liña de base recomendábase a ACPP indagar ao redor de novas estratexias de acción que favorezan o impacto do proxecto entre o alumnado, en paralelo a ir recollendo resultados con mirada a medio prazo aproveitando o traballo de continuidade que se está a facer cos grupos aulas que se traballa máis aló dun curso académico en cada un dos centros educativos que forman parte da rede de ESR. Neste senso, nos espazos de encontro mantidos co persoal educador fixéronse obxectivos de futuro que se conectan con esta mirada de busca dun maior impacto, e que no apartado de *Recomendacións* deste informe son concretadas como propostas de fortalecemento de espazos de encontro entre educadoras, formulación de indicadores de impacto e conexión coas realidades da contorna de cada centro educativo de ESR para adaptar a intervención á realidade de cada comunidade educativa.



2. RESUMO EXECUTIVO DO PROXECTO.


ESR conta con longa traxectoria, e o enfoque aplicado ás liñas de base e avaliacións externas realizadas recolle a visión de continuidade da intervención e a mirada de proceso que se vén fortalecendo desde ACPP nos últimos anos no seu traballo coa poboación destinataria.

Un eixo fundamental do ESR 2023-2024 segue a ser a intervención en aulas da man de persoal técnico especializado en educación transformadora. No tocante ao traballo desenvolvido con centros educativos na etapa de secundaria - e puntualmente en primaria - contouse como orientación cos resultados do Test de Tolerancia, incorporando aprendizaxes de anos previos. Así e todo, hai algúns aspectos novidosos que axudan a comprender o ESR nesta edición complementan e reforzan a estratexia de continuidade de ACPP ao redor das liñas de acción propostas:

- fortalecemento do acompañamento ao profesorado e a creación das equipas de coordinación escolar;
- formación en prácticas restaurativas pedagóxicas dirixida á equipa do proxecto;
- participación en encontros con outras axentes¹;
- promoción do Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.


Compártese a continuación un cadro actualizado con algunha información descritiva do proxecto, que en relación á formulación viu ampliado o calendario para executar e adaptar algunhas actividades previstas (sen significar modificacións substanciais).

1 Inicialmente estaba previsto o encontro "*A escola rural como axente de transformación ecosocial*" mais finalmente desenvolveuse en coordinación coa Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC a xornada ***Aproximación ao conflito e procesos de paz en Palestina e no Sahel.***



Proxecto	<i>Escolas sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento (ESR-EpD)</i>
Onde e cando	Galicia. 01/09/23 – 30/12/24 (histórico previo + visión de continuidade).
OX	Contribuír ao fortalecemento da educación para a paz, o desenvolvemento e a cidadanía global en Galicia (ODS 4.7).
OE	Mellorar as capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino de infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego.
ODS meta	ODS: 4.7
Dimensións EDCG	- x Sensibilización, concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza. - x Formación s/ desenvolvemento, difusión nos eidos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da coop. desenvolv. - x Investigación sobre o desenvolvemento. - x Incidencia, participación e mobilización social para crear redes solidarias.
Poboación destinataria	Alumnado de educación infantil, primaria, secundaria, ciclos formativos, profesorado e persoal de orientación e alumnado universitario.
Orzamento	Total: 38.880,48 euros. Subvención concedida: 35.000 euros.

Táboa 1. Ficha de proxecto. Fonte: elaboración propia a partir do documento de formulación.




3. OBXECTIVOS E ALCANCE DA AVALIACIÓN.

O foco principal desta avaliación final externa foi recoller a mirada das educadoras conectadas á intervención, combinando distintos momentos e formatos de encontros con estas, e entendendo como persoal educador a tres tipos de axentes:

- *Profesionais dos centros educativos de ESR*, en concreto a partir dos testemuños do persoal educador participante no encontro presencial desenvolvido en xuño de 2024 (complementado con información recollida virtualmente de xeito posterior): IES Chano Piñeiro, IES Antón Losada, CEIP López Ferreiro e IES do Milladoiro.
- *Persoal externo (“asistencias técnicas”)*, en concreto a partir dos testemuños das dúas educadoras representantes das cooperativas que asistiron ao encontro presencial desenvolvido en xuño de 2024: Ángela Fraga de Feitoría Verde e Noelia Darriba de Ás do Social.
- *Persoal técnico de ACPP*, en concreto Jacobo Varela e Raquel López como equipa técnica responsable da execución e peche do proxecto respectivamente no período 23-24.


En relación ao alumnado, a súa mirada está presente de forma parcial na avaliación. Acordouse aplicar de novo a final de curso o **Test de Tolerancia**, ferramenta propia de ACPP, na busca de indagar na existencia de cambios nas actitudes e posicionamentos da mocidade participante no contexto de etapa de secundaria. En relación á liña de base, onde se aplicou tamén dito instrumento, obtivéronse resultados semellantes a anos previos: moi baixos niveis xerais de sensibilización ante a meirande parte das cuestións abordadas por parte do alumnado de practicamente todos os grupos aula participantes no proxecto. No momento da avaliación non se atoparon datos que indiquen tendencias de cambio en relación á liña de base. En base a este tipo de resultados, sen modificacións en relación a edicións previas do proxecto, vén de acordarse desde ACPP deixar de utilizar o Test de Tolerancia en tanto que non resulta útil para a medición de impacto, que nun só curso académico non ofrece un marco temporal axeitado para apreciar cambios no tocante aos posicionamentos sobre os que o Test de Tolerancia interpela ao alumnado.



Por esta razón, non se ofrece un apartado específico para a análise do Test de Tolerancia neste informe, que non achegaría información de utilidade ao proxecto nin serviría para medir cambios ou impactos.

Buscouse ao longo do proceso de avaliación que as achegas obtidas ofrecesen un documento **útil e confiable** para o proxecto, que se achegase á medición de **impacto**, incorporando espazos para a **socialización de resultados** co persoal técnico de ACPP previamente á entrega final do presente informe, coa intención de facilitar información clave que puidese ser útil para a seguinte edición de ESR, cuxa formulación coincidiu co momento de análise de información de parte do traballo de campo realizado desde *aopaso*.

Neste senso, entregouse a ACPP un documento de avances preliminares da avaliación en xullo de 2024. Ditos avances constituíron un borrador para as recomendacións finais deste informe, que foron complementadas ao remate do período de execución e despois de compartir un espazo de socialización preliminar con ACPP, incorporándose achegas ao documento-borrador.



4. METODOLOXÍA E CRONOGRAMA.

A metodoloxía utilizada combinou **técnicas cualitativas e cuantitativas**:


Técnicas cualitativas:

- **Entrevistas en profundidade** a persoal técnico de ACPP: Raquel López e Jacobo Varela, coordinadoras de ESR en diferentes momentos da execución da presente edición do proxecto. Ver **Anexo 1. Guión de entrevistas coa equipa técnica de ACPP.**
- **Observación non participante**: asistencia a xornada de Comercio Xusto² no IES Chano Piñeiro (Forcarei) en maio de 2024.
- **Observación participante**: asistencia ao encontro presencial con educadoras realizado na Casa Xohana Torres (Santiago de Compostela) en xuño de 2024.
- **Revisión documental** (informes e fontes de verificación dispoñibles), como técnicas de recollida de información secundaria.

Técnicas cuantitativas:

- **Formulario con preguntas complementarias** dirixido ás educadoras dos centros educativos participantes no encontro presencial, para complementar cuestións non abordadas, concretar e recoller propostas derivadas de conclusións compartidas no mencionado encontro. Ver **Anexo 2. Modelo de formulario para educadoras.**
- **Test de Tolerancia**, dirixido ao alumnado. Desde ACPP realizouse o seguimento para asegurar que se completase o cuestionario dunha mostra de grupos aula, recolléronse as respostas na plataforma *surveymonkey* e analizáronse os resultados, sen obterse tendencias ou agrupamentos de respostas que indiquen cambios en relación á liña de base. Ver **Anexo 3. Modelo de cuestionario: Test de Tolerancia.**

2 En avaliacións previas do proxecto ESR, tratouse de asistir a outras actividades executadas polas asistencias técnicas tamén baixo a técnica da observación non participante. Nesta edición acudiuse a esta acción por ser a única tipoloxía de actividade onde non se recollera dita observación.




4.1. Cronograma.

A continuación, móstrase un cronograma para visualizar como se desenvolveu o proceso de construción da liña de base:

Fases de traballo	ABRIL	MAIO	XUÑO	XUL-SET	OUT-NOV-DEC
F1. Planificación inicial e traballo de gabinete.					
F2. Traballo de campo – I.					
F3. Análise de información – I e elaboración de avance preliminar.					
F4. Traballo de campo – II.					
F5. Análise de información – II e elaboración de borrador de informe de avaliación final externa.					
F6. Socialización de resultados e entrega de informe de avaliación final externa.					
F7. Coordinación xeral do proceso.					

Táboa 3. Cronograma. Fonte: elaboración propia.



5. ANÁLISE DE INFORMACIÓN.

5.1. Encontro con educadoras.


Desde ACPP programouse un encontro presencial que se celebrou o día 3 de xuño na Casa Xohana Torres en Santiago de Compostela. Ao mesmo convocouse ao persoal docente e orientador involucrado no ESR, así como á equipa externa de educadoras que desenvolven intervencións en aula no marco do proxecto. Xuntamente co propio persoal técnico de ACPP, a tripla mirada das educadoras que participan no proxecto confluíu nun encontro presencial que foi facilitado por Andrea Rico (Rexenerando, S. Coop. Galega). Desde *aopaso* participou Raquel Doallo como avaliadora en calidade de observadora participante, previa asistencia á xuntanza de coordinación preparatoria con ACPP e Rexenerando na que se definiron os obxectivos do encontro e se acordou deixar espazo ou valorar posteriormente o interese de continuar recollendo información con “mirada avaliativa” se a partir do encontro se consideraba interesante para a avaliación final indagar en cuestións concretas nas que non dese tempo no marco da xornada presencial. En consecuencia, o apartado seguinte constitúe na práctica o resultado da análise da indagación posterior lanzada vía formulario de preguntas complementarias ás educadoras asistentes dos centros educativos do ESR.

Desde ACPP recolleuse de forma sistematizada a información lanzada no encontro que aquí se complementa coas ideas forza que se considera relevante analizar no marco da presente avaliación final externa.

As participantes no encontro traballaron en 3 grupos:

Centros educativos:

- Ana Parada, orientadora do IES Antón Losada
- Lara Taboada, orientadora do IES Chano Piñeiro de Forcarei
- Ana Robles, docente do CEIP López Ferreiro
- Rosa Suárez, docente do CEIP López Ferreiro
- Raquel Miragaia, vice-directora provisional do IES Milladoiro



Asistencias técnicas:

- Ángela Fraga, educadora de Feitoría Verde, S. Coop. Galega
- Noelia Darriba, educadora de Ás do Social, S. Coop. Galega

ACPP e aopaso:

- Jacobo Varela, técnico coordinador de ESR
- Raquel Doallo, avaliadora externa de ESR


Ideas forza recollidas:

Asistencias técnicas:

- É esencial facilitar sinerxías nos centros de ESR, para afondar no vínculo co alumnado.
- Reflexiónase sobre o feito de que aínda que en teoría este proxecto é para o profesorado, queda nunha proposta que recollen as orientadoras e que semella dirixida só ao alumnado.
- **Sementes de esperanza:** recóllense logros derivados de dar voz, coidar e atender desde ESR ás miradas das persoas oprimidas, que normalmente non conviven cun odio xeneralizado, senón cun silencio xeneralizado que permite que o discurso de odio dunha minoría disruptiva quede máis visibilizado e dane.
- **Preocupacións e retos pendentes:** destaca a detección de discurso de odio detectado principalmente entre OS rapaces, así como o profesorado que permite e en ocasións alenta dito discurso, que choca de fronte coas intervencións en aula.
- **Propostas:**
 - Priorizar o traballo ao redor da escoita activa, en prol da convivencia e o bo trao.
 - Menos “temáticas” e máis traballar para facer un proceso.
 - Ser apoio a 1 docente, na práctica, levando adiante o que teoricamente propón ESR.
 - Buscar espazos de encontro do profesorado afín a ESR.

Centros educativos:

- Obxectivo claro: proxecto de centro.
- **Sementes de esperanza:** recóllense logros derivados de fortalecer relacións entre alumnado e profesorado e percibir pequenos cambios entre a mocidade (algunha), que é máis consciente da presenza de ACPP, a aprendizaxe de metodoloxías transformadoras,




comezar a traballar desde educación infantil (que tamén é unha proposta) con ilusión e motivación e a implicación das familias en educación infantil.

- **Preocupacións e retos pendentes:** destacan a percepción de falta de motivación entre o alumnado, tamén entre parte do profesorado (incluíndo indiferenza do claustro ante a presenza de ACPP), a falta de tempos de reflexión e debate co alumnado e profesorado, a ausencia de intervención coas familias, as dificultades de organización de tempos e espazos (e necesidade de priorizar), e a sensación de soidade.
- **Propostas:**
 - Continuidade das actividades na aula e máis horas de ACPP no centro.
 - Intervención con profesorado e familias, desde a sensibilización.
 - Promover encontros entre o alumnado.
 - Planificación das propostas e catálogo de valoración das actividades.
 - Coordinación entre primaria e secundaria.

ACPP e aopaso:

- **Sementes de esperanza:** recóllense logros derivados de fortalecer o traballo entre persoas (alumnado, equipa...), o afán de aprender e innovar e os espazos compartidos, desde unha mirada de continuidade que reforza os *porqués*.
- **Preocupacións e retos pendentes:** obstáculos derivados dos tempos (calendarios escolares, xestións administrativas...), o uso dalgunhas ferramentas obsoletas e limitacións derivadas dos recursos económicos, así como a pouca implicación dos claustros, que xunto co resto de variables condiciona a desexada visión integral e de continuidade. Reflexiónase arredor do perfil das docentes como “profesionais militantes” que asumen tarefas de forma activista, co risco que supón tendo en conta certa percepción de soidade nestes perfís.
- **Propostas:** escoitar(nos) máis para sentir que somos moitas e favorecer sinerxías (por tanto, planificar espazos de encontro), revisar ferramentas e incorporar intervención en aulas de ACPP.



O traballo en grupos previo resumíuse en 3 tipos de liñas claras de acción, sobre as que se pechou a sesión, desde unha mirada de futuro que fortaleza 3 aspectos:

ESR COMO REDE.

PLANIFICACIÓN/COORDINACIÓN.


PROCESO EDUCATIVO.

5.2. Afondando nas propostas do encontro de educadoras.

Neste apartado sinálanse as principais achegas ás preguntas lanzadas ás educadoras participantes no encontro presencial, co obxectivo de afondar nalgúñas cuestións que quedaron pendentes de abordar en dito encontro por falta de tempo, así como para concretar con certa mirada “ex post” e individualizada algunhas das ideas lanzadas. Aproveítase para incorporar en dita análise algunhas reflexións recollidas na entrevista en profundidade mantida con Jacobo Varela como técnico responsable do ESR posteriormente á recollida de información virtual (formulario) e presencial (encontro), que serviu como posta en común previa á formulación próxima da seguinte edición do ESR; así como se conectan na análise algunhas apreciacións derivadas da revisión realizada desde *aopaso* ás fontes de verificación dispoñibles compartidas desde ACPP no proceso de avaliación final externa.

Envían as súas achegas 3 orientadoras e 3 docentes, de 5 centros educativos:

- Lara Taboada Núñez (orientadora do IES Chano Piñeiro de Forcarei).
- Rosa E. Suárez Veiga e Ana María Robles González (docentes do CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela).
- Estefanía Pereira González (orientadora do CEIP de Figueiroa da Estrada) e Ana Parada Gañete (orientadora do IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada), de centros adscritos.
- Raquel Miragaia (docente do IES do Milladoiro de Ames).



En que grao consideras que te está a axudar Escolas sen Racismo no teu labor como orientadora/titora/docente? Puntúa do 1 ao 5 (se é o primeiro ano que participas, podes obviar esta pregunta). Por que/en que sentido?


4 persoas dan 5 puntos, máxima puntuación, e 2 persoas dan 4 sobre 5.

Indícanse as seguintes razóns (transcripción literal):

- *Porque nos axuda a encamiñar as titorías sobre moitas temáticas como son racismo, igualdade, convivencia en xeral... e aporta grande apoio da formación de axentes externos.*
- *Porque aporta propostas e materiais que nos axudan a traballar a non violencia, a xustiza ou a resolución de conflitos.*
- *La colaboración mantenida a lo largo de los años nos permite tener un hilo conductor en cuanto a las actividades y aprendizajes sobre racismo, igualdad, justicia, respeto... los materiales que elaboran son muy adecuados para los fines que nos proponemos y además nos facilita trabajar estos conceptos desde infantil hasta final de primaria.*
- *A través dos distintos programas e actividades que desenvolvedes, pódense abordar diferentes temas que son de grande interese entre o noso alumnado de xeito motivador e atractivo (resolución de conflitos, a non discriminación...).*
- *O proxecto ESR, os e as profesionais que están detrás e as compañeiras dos demais centros educativos que participan permítenme situarme nas miñas funcións como orientadora e centrar o foco no realmente importante: a educación en valores, a igualdade... Permíteme seguir tendo no centro do meu traballo ao alumnado.*
- *As actividades de reflexión co alumnado sempre dan froitos, aínda que sexa nunha porcentaxe pequena de alumnado. Creo importante ter espazos de reflexión que despois podamos levar ás aulas e titorías.*

Coa idea de que ACPP como ONGD (máis aló das educadoras externas que desenvolven obradoiros) estea máis presente no centro educativo, que tipo de accións/que tipo de presenza suxerirías que realice ACPP o vindeiro curso?

- *Colaborar nas conmemoración de días sinalados como o Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.*
- *Formación para docentes.*




- *¿Y si hacemos una campaña publicitaria hecha por niños en la que informen de conceptos básicos sobre racismo, machismo... dirigida a asociaciones, instituciones.. en clave de "aprendizaje-servicio", o con la jornada conjunta de la que hablamos.*
- *Un maior número de obradoiros (na medida do posible) con máis continuidade e/ou duración, é dicir, que non se tratasen de intervencións puntuais.*
- *Creo que deben estar máis presente nas aulas traballando coa rapazada, ofrecéndolle actividades de reflexión, de diálogo, de escoita activa, de convivencia...*
- *Formación para o profesorado, actividades en efemérides.*

Pensando en establecer cuestións a traballar en concreto en vindeiros encontros ou actividades dirixidas a educadoras no marco do proxecto, que tipo de formación sería prioritaria para ti?

- *Racismo, igualdade e convivencia.*
- *Educación na resolución de conflitos.*
- *Elaboración de proyectos sobre racismo para traballar con las familias (escuelas de padres y madres), dinámicas y técnicas concretas para traballar con el alumnado sobre estos temas, elaboración de un itinerario formativo desde infantil hasta primaria en los temas propios de Escolas sen Racismo.*
- *Xestión do conflito, educación emocional, autocoidado.*
- *Formación en convivencia positiva, bo trato.*


Cres que hai algún outro tipo de formación de interese (conectada aos obxectivos de Escolas sen Racismo) á que se podería unir outro persoal docente do teu centro educativo?

- *Convivencia.*
- *Como despertar a conciencia crítica no alumnado.*
- *Dentro de un año hablamos...*
- *Considero que toda a formación que dades é de moita utilidade para toda a comunidade educativa, pois o proceso educativo do alumnado repercute en todos os axentes e ámbitos.*
- *Xestión do conflito.*



Cando consideras que é máis interesante programar un/varios encontro/s entre educadoras?

Marca a/s opción/s que consideres. Principio de curso. Mediados de curso. Final de curso.



Filtrando as respostas:


- 5 educadoras indican interese en 2 encontros por curso (inicial e final).
- Só 2 persoas indican interese en programar un encontro a mediados de curso (Ana María Robles, docente do CEIP López Ferreiro, e Estefanía Pereira, orientadora do CEIP de Figueiroa), unha das cales (a orientadora do CEIP de Figueiroa) indica interese en que sexa este o encontro único.

Soñando, pero tamén pensando con mirada “operativa”: como concretarías estes encontros entre educadoras? (formato virtual/presencial, duración, contidos...).

A mirada maioritaria indica preferencia presencial en horario de tarde (fóra incluso do horario lectivo).

Transcrición literal de respostas:


- *Formato presencial, en horario de tarde e sería interesante continuar ca formación sobre prácticas restaurativas.*



- *Formato presencial.*
- *El primero y el último presenciales. A mediados de curso se puede hacer uno virtual para poner en común la marcha del proyecto, dificultades, ideas...*
- *Dependendo da localización e na medida do posible, considero que é máis enriquecedor o formato presencial, mais en moitas ocasións, a vida familiar (coa cal vai vinculada a conciliación) imposibilita isto. En canto a duración, no meu caso preferiría e períodos de 3-4 horas, dentro ou fóra da xornada lectiva.*
- *Formato presencial sen dúbida. Duración de unha tarde (4 horas).*
- *Considero que sempre é mellor presencial, paréceme que un encontro a principios de curso e outro ao final permite programar-planificar en conxunto, ter ideas en conxunto e no final de curso avaliar e modificar o necesario.*

Cal é a túa valoración sobre os recursos “físicos” (materiais pedagóxicos) compartidos desde o ESR? Tes algunha suxestión ao respecto para vindeiros cursos?

- *Resúltanme moi útiles e adaptados aos distintos cursos.*
- *Moi bos. Máis materiais e recursos para Infantil e primeiros cursos de Primaria.*
- *Los cuentos para infantil son muy buenos. Para primaria ya van desapareciendo algunos que no funcionaban del todo bien, el teatro forum siempre fue muy bien valorado, las colaboraciones con Agareso fueron extraordinariamente significativas en el aprendizaje del alumnado con resultados positivos que se constataron incluso cuando empezaron la secundaria.*
- *No meu caso, incorporeime a este centro no pasado mes de febreiro, cunha carga moi grande de traballo e sen explicacións previas deste programa, polo que non podo facer unha valoración obxectiva do mesmo. De todos xeito, dende febreiro ata día de hoxe, considero axeitados todos os recursos empregados.*
- *Moi boa. Son todos xeniais.*



6. CONCLUSIÓN.


A intervención continúa evolucionando no tocante á incorporación da **mirada de proceso** e visibilízase unha **perspectiva de impacto**, especificamente **entre as educadoras** involucradas consultadas no proceso de avaliación, que en todos os casos perciben que Escolas sen Racismo é un proxecto que as axuda *moito ou bastante* no seu labor como orientadoras/titoras/docentes.

No caso do **estudantado** participante no proxecto, é **limitado o poder de alcance** do proxecto:

- En relación ás técnicas cuantitativas (Test de Tolerancia), recóllense dúas ideas clave:
 - A análise de respostas non recolle cambios significativos nas percepcións e posicionamentos do alumnado.
 - Como ferramenta, o Test de Tolerancia non tivo a utilidade esperada, ou semella que xa non é pertinente continuar un ano máis utilizándoa, polo que cómpre reducir a súa presenza como ferramenta de medición de impacto, tanto polos resultados obtidos como polo propio esforzo que supón o uso desta ferramenta de forma replicada nos centros educativos.
- En relación ás técnicas cualitativas, bótase en falta poder recoller información específica da realidade de cada centro educativo no eido das diversidades e convivencia desde o arranque do proxecto, o cal proporcionará información de utilidade á equipa educadora de ESR e permitirá adaptar dinámicas e procesos de forma máis apegada aos grupos aula.

A intervención camiña cara á focalizar os contidos ao redor do **fío condutor do bo trato e a convivencia**:

- Entendida como un eixo sobre o que concorren de forma transversal outras miradas (antirracismo, equidade de xénero, diversidade afectivo-sexual...).
- As educadoras dos centros educativos demandan formación específica a ACPP para traballar cuestións especificamente ao redor da convivencia e o bo trato, valorando de forma moi positiva os contidos ofrecidos.




- As educadoras externas (asistencias técnicas) identifican tamén unha necesidade de planificar e propoñer obxectivos de traballo nos centros educativos a partir da identificación do clima de convivencia específico en cada contexto.

En relación ao **encontro entre educadoras** no marco da execución, como acción clave da que se extraen algunhas ideas forza esenciais para a continuidade do proxecto, cómpre destacar:


- É un espazo ben valorado e percibido como imprescindible para fortalecer redes, tanto entre as educadoras dos centros educativos como co persoal do proxecto (educadoras, equipo).
- En consecuencia, reforza o sentimento de pertenza a unha *rede de escolas sen racismo* por parte das educadoras.
- As educadoras dos centros educativos consultadas propoñen realizar dous encontros anuais, o cal semella pertinente:
 1. encontro inicial: axudará a identificar posibles necesidades de axuste (iniciado o curso escolar, antes de comenzar a intervención presencial nos centros educativos);
 2. encontro final: servirá como espazo de reflexión, avaliación e recollida de achegas cara á continuidade do proxecto.

No tocante ao propio **proceso de avaliación final externa**, véñense aproveitando espazos no cronograma de execución para facilitar a recollida de información. Isto ten un compoñente positivo porque evita solapamento de convocatorias, mais cómpre revisar se dentro do cronograma é sempre factible programar actividades con “dobre mirada” (avaliativa, e de execución). No caso do encontro entre educadoras, onde se subcontratou a facilitación externa para o acompañamento da sesión, semella realista revisar enfoque e roles en prol dunha execución de recursos máis eficiente.




7. RECOMENDACIÓNS.

- ✓ Continuar fortalecendo a mirada de proceso do proxecto, apostando por sumar e facilitar espazos de encontro no marco do cronograma do proxecto entre o persoal educador.
- ✓ Apostar por liñas de base que se acheguen ás realidades específicas de cada centro educativo a nivel de diversidade e convivencia, para poder recoller información de utilidade ao inicio do proxecto en prol de axustar a intervención con cada grupo aula.
- ✓ En liña co anterior, reforzar o vínculo co profesorado revisando o tipo de intervención necesaria en cada centro educativo, desde unha mirada de interdependencia coas realidades e contextos particulares.
- ✓ Desenvolver accións de formación específica para o persoal educador dos centros educativos (orientadoras e docentes) para traballar cuestións especificamente ao redor da convivencia e o bo trato.
- ✓ En liña cos avances logrados no eido do traballo co persoal educador, é preciso seguir realizando esforzos desde o proxecto para **apoiar aos centros educativos en dous aspectos:**
 - Institucionalizar o proxecto a nivel de centro, máis aló do persoal docente directamente conectado con ACPP para a execución.
 - Lograr un maior impacto de Escolas sen Racismo entre o alumnado.
- ✓ Por último, obsérvase que o fortalecemento do **sentimento de pertenza á rede** é impulsado a través de **espazos de participación** que, no caso do encontro de educadoras celebrado no tramo final da execución, serviron para compartir expectativas e demandas de futuro entre as educadoras. É preciso:
 - Xestionar esta recollida de intereses desde ACPP coidando a comunicación cos centros educativos, para que se sintan dentro do proceso desde a fase de identificación, mais aclarando tamén as limitacións ao respecto: en tanto que se soen solapar os momentos




de execución, avaliación e formulación de cada edición do Escolas sen Racismo, recoméndase delimitar con claridade cal é o rol das educadoras neste senso.

- En liña coa delimitación de roles, recoméndase planificar e deseñar ditos encontros de forma que se coordinen as “confluencias de miradas” e se aproveiten ao máximo os espazos de encontro onde se busca recoller información que permita dar seguimento e avaliar os procesos en marcha.




ANEXOS



ANEXO 1. Guión entrevistas coa equipa técnica de ACPP.

(Entrevista semiestructurada que incluíu posta en común de conclusións preliminares, e qe se adaptou aos momentos e perfil da persoa técnica con que se fixo a entrevista en cada momento).

- Liña do tempo: fitos principais do ESR 23-24.
- Valoración da utilidade da liña de base e o Test de Tolerancia.
- Intervencións en aula (obradoiros): revisión da execución, contextualización e valoración dos cambios realizados.
- Participación: revisión do rol das educadoras no deseño da intervención.
- Reflexión sobre a evolución da “rede de escolas”.
- Valoración da identificación de necesidades formativas con profesorado: revisión de propostas.
- Futuro do proxecto: coordinación, contidos, dinámicas e cambios propostos e rol das partes.



ANEXO 2. Modelo de formulario para educadoras.

Preguntas complementarias tras o encontro de educadoras_ avaliación Escolas sen Racismo 2023-2024

1. Nome e apelidos.

2. Nome do centro educativo.

3. Rol no centro:

- ☐ Orientadora.
- ☐ Docente.

4. En que grao consideras que te está a axudar Escolas sen Racismo no teu labor como orientadora/docente? Puntúa do 1 (nada...) ao 5 (moitísimo).

Se non participaches este curso no proxecto, podes obviar esta pregunta.

- ☐ 1
- ☐ 2
- ☐ 3
- ☐ 4
- ☐ 5

Por que/en que sentido?

5. Coa idea de que ACPP como ONGD (máis aló das educadoras externas que desenvolven obradoiros) estea máis presente no voso centro educativo, que tipo de accións/que tipo de presenza suxerirías que realice ACPP o vindeiro curso?

6. Pensando en establecer cuestións a traballar en concreto en vindeiros encontros ou actividades dirixidas a educadoras no marco do proxecto, que tipo de formación sería prioritaria para ti?

7. Cres que hai algún outro tipo de formación de interese (conectada aos obxectivos de Escolas sen Racismo) á que se podería unir outro persoal docente do teu centro educativo?


8. Cando consideras que é máis interesante programar un/varios encontro/s entre educadoras? Marca a/s opción/s que consideres.

- ☐ Principio de curso.
- ☐ Medios de curso.
- ☐ Final de curso.

9. Soñando, pero tamén pensando con mirada “operativa”: como concretarías estes encontros entre educadoras? (formato virtual/presencial, duración, contidos...).

10. Cal é a túa valoración sobre os recursos “físicos” (materiais pedagóxicos) compartidos desde o ESR? Tes algunha suxestión ao respecto para vindeiros cursos?

11. Outros comentarios que consideres de interese.



ANEXO 3. Modelo cuestionario: Test de Tolerancia.

Test de Tolerancia 23-24 (FINAL de curso)

Este cuestionario chámase "Test de Tolerancia" e fixeches un moi semellante a principio de curso.

É anónimo e moi curtiño. Forma parte do proxecto Escolas sen Racismo e gustaríanos que o cubrades de novo para poder ver se houbo cambios nas vosas opinións sobre os temas traballados na aula nas actividades realizadas con vós este curso.

Moitas grazas!

* 1. Centro educativo

- ☐ CEIP Apóstolo Santiago
- ☐ CEIP de Figueroa
- ☐ IES Antón Losada Diéguez
- ☐ IES Chano Piñeiro
- ☐ IES Milladoiro
- ☐ IES Xulián Magariños

* 2. Curso

* 3. Xénero

- ☐ Muller
- ☐ Home
- ☐ Outro/prefiro non dicilo

* 4. Coñécese ben? Que ten máis importancia para ti? Puntúa de 1º (máis importante) a 3º (menos importante).

-   Eu
-   O meu grupo
-   A humanidade

* 5. Teño un novo amigo, un veciño que acaba de chegar de Camerún ao que axudo polas tardes cos deberes. Ao meu pai non lle parece ben, dime que me centre nos meus estudos do conservatorio de piano e deixe de perder o tempo. **Que fago?**

- ☐ Gustaríame axudarlle pero non quero que o meu pai me castigue, así que invento unha escusa e dígolle ao meu veciño que non podo facelo.
- ☐ Obedezco ao meu pai e céntrome nos meus estudos para aprobar o exame do conservatorio.
- ☐ Vou seguir axudando ao meu veciño aínda que iso supoña enfrontarme ao meu pai e ter que recuperar o meu tempo de estudo durante a fin de semana.

* 6. O outro día Xavier veu a clase de educación física coas deportivas rotas, moita xente en clase botouse a rir e un compañeiro díxolle “queres unhas moediñas para comprar unhas novas?”. **E eu, que fago?**

- ☐ Río tamén, é normal que te traten como a un pobre se levas as zapatillas rotas.
- ☐ Moléstame que rían dun compañeiro polo seu aspecto, enfróntome ás persoas que se burlan e defendo a Javier.
- ☐ Non é xusto que se burlen de Javier, pero río do comentario porque é o que fan as demais persoas e ten a súa graza.

* 7. O outro día alguén roubou un móbil na miña clase. Algunhas persoas creron que foi Shirley así que José Miguel díxolle: “desde que os peruanos se instalaron no barrio non hai seguridade nin no colexio”. Toda a clase empezou a opinar. **E eu, como me posiciono?**

- ☐ Digo que puido ser calquera compañeiro ou compañeira pero no fondo sospeito dela.
- ☐ Propoño que toda a clase mostre o interior das súas mochilas aínda que quedemos sen recreo por falta de tempo.
- ☐ Supoño que foi Shirley e pido que mostre o interior da súa mochila.

* 8. Hai unhas semanas fun coa miña familia a un restaurante, desde a nosa mesa vimos que o cociñeiro parecía africano. O meu avó dixo que non pensaba comer nada cociñado por un negro. **Que fago?**

- ☐ Vou comer e gozar dos pratos, aínda que o meu avó se sinta incómodo.
- ☐ Non como por non levar a contraria ao meu avó.
- ☐ Eu tampouco vou comer, penso como o meu avó.

* 9. Estamos a repartir os papeis para a obra de fin de curso do cole, Ophra pídese o papel de policía, pero Susana dille que ela é mellor para o papel porque é branca e unha policía negra non é crible. **Que faría eu para resolver este conflito?**

- ☐ Dígolles que o boten a sortes, aínda que sei que o pediu primeiro Ophra.
- ☐ Doulle a razón a Ophra aínda que Susana me deixe de falar. Ten o mesmo dereito a facer o papel que calquera outra persoa da clase.
- ☐ Doulle a razón a Susana, unha persoa negra non pode ser policía.

* 10. Todos os días no patio do colexio insultan a Pablo, desde que lle contou a un grupiño de clase que lle gustaban os mozos. Agora todo o colexio sábeo, sempre está só no recreo e ninguén quere estar con el. **Que podo facer?**

- ☐ Non vou facer nada, non é o meu problema.
- ☐ Tento integrar a Pablo no meu grupo, aínda que pode que algunha das miñas amizades se enfade.
- ☐ Procuro falar con el cando non me ven os meus amigos e amigas, a ver se van pensar o mesmo de min.

* 11. Na clase de Educación Física temos que facer equipos para o partido de baloncesto. Hoxe tócame a min elixir equipo e teño dúbidas con Juanjo, un mozo con Síndrome de Down da miña clase. **Que fago?**

- ☐ Juanjo debe ter as mesmas oportunidades que os demais, vou elixir aínda que terlle no equipo nos poida supoñer un maior esforzo.
- ☐ Non o vou elixir, faríanos perder o partido.
- ☐ Non teño nada en contra de Juanjo pero non podo escollelo, o resto do equipo non o entendería.

* 12. Marie Louise é a coidadora do patio, é de Costa do Marfil e sempre é moi amable con todo o mundo. A directora díxonos que algunhas familias pediron que sexa despedida para contratar a unha persoa española. **Que opino eu desta situación?**

- ☐ Estamos en España, paréceme ben contratar a unha persoa española.
- ☐ É mellor que marche, unha coidadora española vai entender mellor.
- ☐ É inxusto que se teña que ir por ser estranxeira e vou dicirllo á titora para ver se podemos atopar algunha solución.

* 13. Basir é de Siria, acaba de chegar a España como refuxiado da guerra. Basir empezou no cole a metade de curso, non sabe falar ben español e a profesora díxonos que debemos apoiarlle co traballo de literatura. **Que fago?**

- ☐ É un compañeiro, botareille unha man en todo o que poida aínda que iso supoña quedarme sen algún recreo.
- ☐ Non podo axudalo, perdería tempo para facer o traballo e necesito sacar boa nota.
- ☐ Eu non quero axudalo, non é a miña culpa que non saiba falar español.

* 14. Colgaron en Instagram unha foto de Elena sen camiseta no vestiario do colexio, eu se quen foi. **Que fago?**

- ☐ Dígollo á miña mellor amiga e deixo que ela decida se o quere contar.
- ☐ Dígollo á directora, arriscándome a meterme en problemas coas persoas responsables da foto.
- ☐ Cántollo a Elena pero pídlle que non diga nada ou me meterá en leas co resto da clase.

* 15. Hai tempo que Ramón non se relaciona co resto da clase. Onte, con axuda da titora, contounos que preferiría que lle chamásemos Raquel. Algunhas compañeiras e compañeiros ríronse e eu non se que facer. **Que decido?**

- ☐ Que non maree, eu voulle seguir chamando Ramón que é como se chama.
- ☐ Entendo que queira cambiar de nome pero chamareille como decida a maioría de clase, non quero que rían tamén de min.
- ☐ Chamareina Raquel, e enfrontareime á xente que se ría dela.

* 16. Sarah é unha nova compañeira de clase, é xudía e non come porco. A semana pasada fomos de excursión á montaña co colexio, no albergue preparáronnos bocadillos de xamón para a camiñada e Sarah non soubo como reaccionar. **Como reaccio eu?**

- ☐ "Cómeo todo, ninguén se vai a decatar de que o comiches".
- ☐ Cántolle á titora o sucedido para que busque unha solución. Aínda que nos atrasemos un pouco en saír, Sarah debe levar un bocadillo doutra cousa.
- ☐ "Aparta o xamón e come o pan, é mellor non dar a nota e non molestar aos cociñeiros do albergue".

* 17. A miña amiga Karin é dun pobo do Amazonas onde a xente cultiva aceite de palma que as grandes empresas venden en Europa. Contounos que esta situación prexudica o medio ambiente e a vida das persoas que viven alí pero, grazas a iso, aquí podemos ter cereais, chocolates ou lambetadas máis baratas. **Que faría eu para mellorar esta situación?**

- ☐ Dígolle á miña nai que non compre produtos con aceite de palma pero eu sigo comendo as lambetadas que me gustan aínda que leven palma.
- ☐ Vou seguir comprando o que me gusta, os campesiños e campesiñas do Amazonas non son o meu problema.
- ☐ Deixo de comer produtos con aceite de palma, aínda que isto supoña renunciar a algunhas lambetadas que me gustan.

* 18. Alexander é salvadoreño, algunhas persoas de clase métense con el polo seu acento. Esta mañá, uns mozos ríronse del e insultárono. Alexander enfadouse e deulles unha patada. **Que opino deste comportamento?**

- ☐ A violencia está mal en calquera caso e non se pode xustificar.
- ☐ Dar patadas non está ben, pero Alexander está no seu dereito porque o insultaron primeiro.
- ☐ Se alguén che ataca tes que defenderte.

* 19. Estou a xogar ao fútbol co meu amigo Moussa, de Senegal, que leva a camiseta da selección do seu país. Unha compañeira de clase pégalle unha patada e ameázao con non deixalo xogar máis se o ve con ela posta outro día. **Que fago?**

- ☐ Dígolle ao meu amigo que se quere levar a camiseta dunha selección, que sexa a española.
- ☐ Non digo nada e sigo xogando.
- ☐ Pídlle ao árbitro que pare o partido e expulse á compañeira, aínda que se poida cancelar o partido e quedemos todos sen xogar.

* 20. Imos votar a nova persoa delegada de clase. Preséntanse dúas compañeiras, María e Amina. María é española e coñecémola desde infantil, Amina chegou ao colexio hai uns meses desde Marrocos. A maioría da clase non acepta que Amina se presente. **Que fago?**

- ☐ Expoño que Amina ten o mesmo dereito a presentarse que calquera persoa de clase, aínda que María se enfade comigo.
- ☐ Estou en contra porque creo que, ao ser estranxeira, non pode entender como funciona o colexio.
- ☐ É libre de presentarse, pero non a vou votar. Non podo poñerme en contra da maioría da clase.

* 21. Estou a xogar cos meus amigos e amigas ao baloncesto. Nadia está a facer de árbitro e pítalle unha falta a Juan, pero Juan segue xogando, ri dela e di que as mulleres non poden arbitrar. Pásame o balón. **Que fago?**

- ☐ Aínda que me amola cedo o balón ao equipo contrario, Nadia pitou falta e ela é quen actúa como árbitro polo que hai que respectar as súas decisións xa sexa mozo ou moza.
- ☐ Creo que non debería rirse de Nadia, faino o mellor que pode para ser moza. Pero como a falta beneficia ao meu equipo, non digo nada e sigo xogando.
- ☐ Sigo xogando, Juan ten razón. Nadia debería xogar a cousas máis femininas e se quere xogar ao baloncesto, polo menos que non sexa de árbitro.

* 22. A miña nova compañeira de pupitre non sempre ten o material escolar necesario. Contounos que a súa familia non pode comprarlle todo o que necesita porque a súa nai perdeu o traballo e o seu pai tivo que volver ao seu país. Esta mañá chegou cun pack de rotuladores novos, díxonos que llos doou a asociación do barrio e xusto hoxe eu esquecín os meus. **Que fago?**

- ☐ Pídlle os rotuladores hoxe, pero sei que teño que traer os meus o resto de días.
- ☐ Cóllollos directamente, regaláronllos por ser de fóra e creo que primeiro se deberían regalar á xente de aquí.
- ☐ Se a ela lle regalan rotuladores, deberían facer o mesmo con toda a clase. Polo que lle pedirei á miña compañeira que mos deixe hoxe, e o resto de días tamén.

23. Indica a continuación calquera comentario que consideres de utilidade.

a o p a s o

a o p a s o é ...
f o r m a c i ó n e
a c o m p a ñ a m e n t o
c o n m i r a d a
l o c a l - g l o b a l

a o p a s o